



**Concerto conmemorativo
XXV aniversario**

Asociación Galega de Compositores

Banda Municipal de A Coruña

Pazo da Ópera
26 de febreiro 2012
12.15 horas
A Coruña



26 de Febreiro de 2012
Pazo da Ópera
12. 15 h.

Banda Municipal de A Coruña

Asociación Galega de Compositores
XXV Aniversario

PROGRAMA

I Parte

De Sober a Sobrado, pasodobre. Xoán Antón Vázquez Casas

A imprudente travesía de Isabel de Barreto, poema sinfónico-ballet. Juan Pérez Berná

Metáforas Miguel Brotóns

II Parte

Galicia, marcha triunfal Marcial del Adalid/Juan Durán

A Bela Adormecida, suite. María Mendoza

1. *Castelo e maleficio*
2. *Despedida e fuxida*
3. *No bosque*
4. *O sono dos 100 anos*
5. *Final*

Os mártires de Carral Raúl Martín Niñerola



A Asociación Galega de Compositores (AGC), fundada en 1987 celebra este 2012 o seu XXV aniversario. Os 7 socios fundadores multiplicáronse por cinco, contando na actualidade con 36 socios compositores. Ao longo deste cuarto de século leva realizados XVI ciclos de concertos, 3 ciclos de canción galega de concertos, un adicado a Canuto Berea, un maratón solidario (Marea Negra), Así mesmo ten publicados varios CDs ca música dos seus socios, ademáis doutras actividades.

A Banda Municipal da Coruña (BMC) é unha institución musical de longa tradición, que ten alcanzado un nivel altísimo nas súas interpretacións. Na actualidade está integrada por xóvenes músicos galegos altamente cualificados que son un orgullo para todos. Como consecuencia, a precisión, afinación, transparencia, calidade e claridade de son do conxunto lle confiren unha calidade e un selo inequívoco.

Hoxe é un día de gran significado para a AGC. O primeiro dos actos conmemorativos que se han celebrar este ano está protagonizado precisamente pola Banda Municipal da Coruña, institución musical de referencia na nosa Comunidade. Que sexa precisamente o primeiro se debe ás facilidades que á AGC se lle brindaron dende a Concellería de Cultura, a través da propia Concelleira Ana Fernández, así como a colaboración entusiasta do seu director artístico, José Luis Represas Carrera. A todos, moitas grazas.

AGC

Comentarios sobre as obras

DE SOBER A SOBRADO, pasodobre.
Xoán Antón Vázquez Casas.

Este pasodobre xurdiu, aló polo ano 2002, como resultado dunha proposta dun compañeiro de docencia, daquela, no conservatorio de Ribadavia, profesor de clarinete, (Luis Guitián, hoxe alcalde de Sober, a máis de clarinetista na Banda municipal de Ourense).

A obra permaneceu cáseque acabada, pero inconclusa, ata que gracias a esta iniciativa de Margarita Viso, presidenta de

Asociación galega de compositores, en contacto con X. L. Represas Carrera, director actual da Banda sinfónica da Coruña, nos ofreceron a posibilidade deste concerto para conmemorar o 25 aniversario da Asociación Galega de compositores.

A obra vai adicada a Nicanor Domínguez Cid, profesor de clarinete, compañeiro perante moitos anos no Conservatorio de Ourense e clarinetista de Banda municipal de Ourense, que me asesorou nas dúbidas e trexemanexes informáticos que me permitiron rematar a peza.

Ao redor dun motivo principal con textura de himno, van xurdindo diversas ideas musicais de carácter contrastante, cercano a estrutura dun rondó.

A IMPRUDENTE TRAVESÍA DE ISABEL DE BARRETO, poema sinfónico-ballet.
Juan Pérez Berná

(Escrita en Albatera-A Coruña, Xullo-Outubro de 2009).

Parte I A partida dende O Callao

1. A procesión descendía dende a Catedral con gran pompa, o xeneral e a súa dona precedidos de frailes.
2. Os cánticos cesaron preto do peirao onde os nosos músicos atacaron vivamente pífanos e tambores.
3. E bandas rivais de músicos tocaban nos barcos e no peirao.
4. Alzose o estandarte real e o deán bendixo ao San Gerónimo.
5. O capitán de artillería ordenou que falcones e falconetas iniciaran as salvas que foron respondidas dende outras naves e dende o peirao con grande alborozo.

Parte II A travesía

6. A travesía.
7. Cantiga de saudade.
8. En alta mar.

Parte III As Illas e o regreso

9. A baía Graciosa
10. Malope e as súas xentes
11. Os descontentos
12. Asasinato
13. A erupción e o eclipse
14. Rumbo ao Norte polo Ecuador
15. A boa xente de Manila e a transfiguración de dona Isabel

A imprudente travesía de Isabel de Barreto, poema sinfónico-ballet (2009) recrea varios pasaxes da novela de Robert Graves As Illas da Imprudencia; esta novela narra a segunda expedición ao sur do Océano Pacífico do galego Álvaro de Mendaña que tiña como finalidade colonizar as illas Salomón que el mesmo descubrira tres décadas antes; pero o almirante para conseguir o permiso real de formar una colonia falseou a situación destas illas, imprudencia que marcou esta expedición. A flota, costeada en boa parte pola súa muller Isabel de Barreto, partiu de El Callao (Perú) en 1595, e aínda que non se arribou as desexadas Illas Salomón, no

seu transcurso descubrironse os arquipiélagos das Illas Marquesas e de Santa Cruz onde Mendaña morreu. Deste xeiro os seus títulos de Adiantado e Almirante pasaron a súa dona Isabel de Barreto que quedou ao fronte da expedición o que constitúe un feito único en toda a idade moderna. Problemas de diversa índole provocaron que Isabel conducira aos seus subordinados cara a Filipinas, arribando a Manila en 1596. Alí casou co tamén galego Fernando de Castro, fillo do Gobernador de Filipinas co quen un ano despois embarcou de volta a América, de aquí trasladouse a Madrid e posteriormente a Galicia, onde pénsase que morreu. Robert Graves sitúa o nacemento de Isabel na cidade da Coruña aínda e outros en Pontevedra no obstante os límites da existencia desta relevante galega constitúen aínda unha incógnita. A partitura recolle os textos que a música recrea, configurando unha estrutura episódica en tres partes A partida dende El Callao, A travesía e As Illas e o regreso; as dúas partes extremas presentan un desenvolvemento narrativo, do que carece a central, A travesía, que polo contrario presenta unha estrutura ternaria A-B-A', ocupando a Cantiga da Saudade (cc. 165-198), sección B desta segunda parte o ecuador de toda a composición. Esta obra está adicada a Pedro e Pamela porque o meu irmán regaloume a novela do que xurdiu esta composición, e a miña muller a inspiración para facela. Foi estreada pola Banda Artística de Merza baixo a dirección de José Rodríguez Ramos o 25 de setembro de 2010 no Auditorio Municipal de Vilagarcía; esta interpretación foi recollida nun rexistro sonoro editado pola AGC co patrocinio da Xunta de Galicia (Ciclo XV.ASOCIACIÓN GALEGA DE COMPOSITORES. Banda Sinfónica [rexistro sonoro], Banda Artística de Merza, José Rodríguez Ramos (dir). Santiago de Compostela: Clave Records, 2010).

METÁFORAS

Miguel Brotóns

Obra de encargo para a Sección Especial do V Certame Provincial de Bandas de Música "Deputación de Pontevedra". Composta coa finalidade de homenaxear a todas aquelas Sociedades Musicais que durante máis dun século, veñen sendo o centro de formación personal e musical das distintas xeneracións de músicos deste país.

A obra está inspirada partindo dunha perspectiva temática bifronte. Por unha parte a traxectoria musical e social da agrupación ao longo do século XX e por outra as miñas vivencias persoais de músico e compositor coa formación instrumental.

Desde o punto de vista formal Metáforas é un libre preludio sinfónico para banda que segue un sistema musical con programa, estruturado á súa vez en esquema Sonata. Desta forma o tema xeral da composición vertebraríase estruturalmente como: Nacemento (Exposición), Inquietudes-Vicisitudes (Desenvolvemento) e Renacemento (Reexposición).

Por todo isto poderíamos definir METÁFORAS como "latexos de inquietudes sonoras", nas que as súas claras e rítmicas melodías temáticas son tratadas e identificadas como imáxenes acústicas do término Real (persoas, obxectos, vivencias, situacións ...)

GALICIA

Adalid-Juan Durán

Marcial del Adalid (A Coruña, 1826-1881) escribe en marzo do ano da súa morte esta obra que titula "Marcha Triunfal Galicia para gran orquesta". Trátase dunha obra breve, bitemática, no estilo característico deste xénero, cun evidente carácter himnico. O primeiro tema xa fora utilizado por Adalid na marcha do mesmo nome, escrita en 1859, mentres que o segundo está tomado da canción número 6, da primeira serie dos "Cantares viejos y nuevos de Galicia", publicados por Canuto Berea. Neste segundo tema percíbese nidiamente o motivo empregado, posteriormente, por Juan Montes na súa celbérrima "Negra sombra".

A transcripción para banda sinfónica foi feita tomando como base toda a estrutura do cadro orquestral, onde destaca a utilización dos ventos e da percusión. Xa que logo, na transcripción está respetada fielmente a escritura para estas dúas seccións, reorquestrando únicamente, como é lóxico, os clarinetes, saxofóns e bombardinos.

A BELA DURMINTE

María Mendoza

Composta expresamente a principios de 2010 para ser estrenada pola Banda de Santiago ese mesmo ano nun concerto especial con motivo do día da muller traballadora, ca directora vasca Izaskun Urrutia como directora invitada.

La bella durmiente é unha interpretación musical do famoso conto, dividido en 5 movementos:

Castelo e maleficio

Despedida e fuxida

No bosque

O sono dos 100 anos

Final

OS MARTIRES DE CARRAL

Raúlñ Martín Niñerola

A composición musical está baseada na Batalla de Cacheiras, o 23 de abril de 1846. Sucedeu na parroquia de Cacheiras un dos feitos que máis marcaron a historia contemporánea de Galicia: a batalla de Cacheiras. O día 2 de abril de 1846 o 2º Batallón del Regimiento de Zamora mandado polo comandante Solís, con sede en A Coruña, levantouse na cidade de Lugo contra o goberno dictatorial instaurado en Madrid polo xeneral conservador Narváez. Esta rebelión pronto recibiu apoio do pobo lucense, como tamén o tería nos días sucesivos en Santiago, Pontevedra, Vigo, e Tui.

En principio o exercito galego tomou a dianteira e propiciou a caída do xeneral Narváez. Pronto foi nomeado outro alto cargo para dirixir o exercito: o mariscal Juan de la Concha. Éste foi o que derrotou ao exército galego. O día 26 de abril en Carral, concretamente no adro da igrexa de San Esteban de Paleo, foron fusilados Solís e once dos seus oficiais.

Naceron así os Mártres de Carral e, a todos os efectos, este alzamiento contra a opresión central se considera o despertar do galeguismo e a reafirmación dunha identidade perfectamente diferenciada do resto da península. A partir de aquí, comezou a manifestarse un pensamento, unha cultura e un sentimento eminentemente galeguista, do que os máximos representantes no tardaron moito en tomar relevancia.

A obra presenta varios temas a modo de leitmotiv para cada exército, o galego e o nacional. Pódense destacar varios momentos na obra como son a representación musical do fusilamiento dos 12 mártres mediante unha secuencia serial e os disparos na percusión ou a representación da ascensión ao ceo dos mártres mediante un coral que vai pouco a pouco en crescendo tanto dinámico como instrumental.



Director invitado



XOSÉ CARLOS SERÁNS OLVEIRA, director. Nace en Ribeira (A Coruña), aínda que a súa vida persoal desenvólvese en Xuño, Porto do Son (A Coruña). Comeza a súa andaina musical aos 11 anos na Banda de Música de Caamaño da man do mestre Francisco Olveira Santos, froito da afección á música do seu pai.

Aos 20 anos pasa a formar parte do Corpo de Bandas de Música da Armada, destinado na Banda de Música do Terzo Norte de Ferrol, onde toma contacto cos mestres Raúl Galán Cerveró e Francisco Jordá Biosca, cos que estuda a tuba.

En 1987 gaña por oposición libre a praza de tuba na Banda de Música Municipal de Santiago de Compostela, compatibilizando tamén as funcións de xerente da mesma desde o ano 2000. En 2009 é seleccionado, entre outros aspirantes, como director titular da Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela.

Foi invitado pola Joven Orquesta Nacional de España (JONDE) para asistir ao I Curso de Tuba celebrado en Santiago en xullo de 1990, impartido polo mestre Harvey G. Phillips, e realizou numerosos cursos de perfeccionamento de metais, composición e dirección de orquestra e banda con mestres como Miguel Torres, Enrique Ferrando, Walter Rand Stormont, Mel Culbertson, Miguel Navarro, Henrie Adams, Aldo Ceccato, Helmuth Rilling, Francisco Grau Vergara, Bernardo Adam Ferrero, Manuel Hernández Silva, Tristán Murail, Magnus Linberg, Antón García Abril, Andres Valero Castells, etc.

Persoa comprometida coa música en Galiza, é impulsor de numerosos proxectos: Escola de Música Municipal de Catoira (1988), Grupo de Metais de Santiago e Banda de Música de Catoira (1989), Cuarteto de Tubas Euphonium (1993), Banda Sinfónica de Galicia (1994), Grupo de Metais de Galicia (1995), Solfa, Asociación Cultural-Musical (1997), Coral Solfa de Fontiñas (1998), Banda Filharmónica de Galicia (2000), Escola Municipal de Música de Santiago (2002), Escola Municipal de Música de Ames (2004), Gallaecia Orquestra (2004), A Nosa Clave (2005, 2006 e 2007), Banda Sinfónica da Federación Galega de Bandas de Música Populares (2005), Musigalizando, campamento musical (2007, 2008, 2009 e 2010).

É autor de numerosas obras e arranxos orquestrais para banda de música e diversos grupos instrumentais, entre os que cabe salientar as súas composicións para coro e banda de música sobre poemas de destacados poetas galegos: Soneto á Terra Chá, de Xosé Chao Rego; Rosas e A Saleta, de Manuel María, etc, así como adaptacións para banda sinfónica e coro de obras tan coñecidas como Negra Sombra de Rosalía de Castro ou Lela de Castelao. Realiza numerosas estreas, coa Banda Filharmónica de Galicia de composicións propias e de compositores galegos.

En 2005 resulta seleccionado para facerse cargo da posta en marcha da Banda Sinfónica da Federación Galega de Bandas de Música Populares, coa que desenvolve unha intensa actividade dentro e fóra de Galicia, e coa que estrea numerosas obras de compositores galegos. En 2010 é seleccionado de novo para continuar desenvolvendo o proxecto da Banda Sinfónica da FGBMP.

Está en posesión do Título Superior de Tuba, e de Dirección de Orquestra polo Real Conservatorio Superior de Música de Madrid, e na actualidade é o director titular da Banda Municipal de Santiago de Compostela e da Banda Sinfónica da Federación Galega de Bandas de Música.

Compositores



XOÁN ANTÓN VÁZQUEZ CASAS. Nado en Ourense en 1964, comezou seu estudos musicais no Seminario de Ourense, para proseguir nos conservatorios de: Ourense, Barcelona, Santiago (profesor superior de solfexo), Madrid (estudios de dirección de orquestra e coros) e Vigo (profesor superior de composición).

Despois de dirixir varias corais (Coral “Renfe” de Monforte, entre outras), asume a dirección da rondalla-coral “Alecrín”, no ano 2002 na que segue actualmente.

Dende novembro de 2009 é director da “Coral De Ruada” de Ourense.

É profesor de Fundamentos de Composición no Conservatorio de Ourense dende o ano 1997.

Pertence a Asociación Galega de Compositores dende o ano 2002, onde ven estreando obras con regularidade.

É director, organista e tenor do “Cuarteto Adagio”.

Foi profesor da escola de música “Voces e cordas” de Sobrado do Bispo (Barbadás – Ourense).

Ten sido galardoado no concurso de composición coral “Cidade de Vigo” 2001.

Seu catálogo compositivo abrangue máis de 200 obras, comprendendo: obras sinfónicas, banda, música de cámara (dúos, tríos, cuartetos, quintetos e sextetos, para variadas combinacións instrumentais), música coral (a 4, 5 e 6 v. m., e tamén v. i.) e solista (piano, guitarra, órgano, etc.).

En xuño de 2009 deu un concerto de piano no Teatro Principal de Ourense, a beneficio da Sociedade S. Vicente de Paúl, con obras do seu fundador, Santiago Masarnau.



JUAN PÉREZ BERNÁ nace en Albatera (Alicante), en 1971. Estuda no Conservatorio Superior de Murcia onde acada o Título Superior de óboe. É licenciado en Xeografía e Historia e Doutor en Historia da Arte-Área de Música pola Universidade de Santiago de Compostela. Rematados os seus estudos superiores no conservatorio, estuda óboe moderno con Dorin Gliga (Rumanía), J. Siruceck (EEUU) e H. Schelenberger (Alemaña), óboe barroco con Paolo Grazzi e Paul Dombrecht, dirección de orquestra con José Luis López García (Murcia) e Ludovic Bacs (Bucarest), e acude a cursos de composición con Cristóbal Halffter e Antón García Abril, aínda que neste ámbito a súa formación é basicamente autodidacta.

Dende os 16 anos actúa como solista con diferentes conxuntos (Orquesta de Jóvenes de Murcia, Orquesta Ciutat d'Elx, Orquesta Odón Alonso de León e a Orquesta de Cámara de la Filarmónica de Varna, Bulgaria) e en 1994 foi finalista na modalidade de vento madeira do Concurso Permanente de Xuventudes Musicais de España. Como oboísta barroco ademais de realizar concertos de cámara, colaborou no Curso de música antiga “Camiño de Santiago: Cánticos, Cantigas e Cánticos” organizado pola Universidade de Santiago de Compostela e a Xerencia de Promoción do Camiño da Xunta de Galicia.

Foi director fundador da Camerata Laurentina de León e da Bergidum Camerata, coa que tivo a honra de inaugurar, en presenza de S. M. dona Sofía, o Teatro Bergidum de Ponferrada. En calidade de director invitado estivo ao fronte da Orquesta e Coro da Radio Nacional Romanesa (Palacio da Radio de Bucarest, 1998). Entre 2008 e 2011 foi director da Banda do Circo de Artesáns da Coruña, dende 2003 é director musical da Asociación Lirica Ofelia Nieto e dende 2010 da Coral Polifónica do Sporting Club Casino da Coruña. Como director de orquestra ten unha ampla experiencia no repertorio sinfónico-vocal, tanto escénico (La Corte del Faraón, León 1999, La Verbena de la Paloma, A Coruña 2001, La del Manojó de Rosas, A Coruña 2002, El barberillo de Lavapiés, A Coruña 2007, La Gran Vía, A Coruña 2008) como relixioso (Requiem de W.A. Mozart, León 1996, Misa Scala Aretina de F. Valls, Bucarest 1998, Composiciones en romance de Mathías Navarro (Elxe, 2003), etc.

Ten no seu haber publicacións sobre etnomusicoloxía (La Rondalla de san Pascual y las danzas de tradición oral de Albatera, Concello de Albatera, Albatera, Alicante, 2007, que inclúe un rexistro sonoro do material recollido), dous libros de texto para secundaria obrigatoria (Baía Edicións, A Coruña, 1998 e 2002), varios artigos en publicacións especializadas (Revista de SEdeM e Etnofolk, entre outras), e a edición en cd-rom da súa tese de doutoramento La capilla de música de la Catedral de Orihuela: las composiciones en romance de Mathías Navarro (ca. 1666-1727) publicada en 2008 pola Universidade de Santiago de Compostela.

Polo momento o seu catálogo como compositor abrangue máis de 40 títulos entre os que destaca Villancico Extrafino. Retablo escénico en catro cadros (editado por AGADIC-Dos Acordes, 2009) sobre libreto de Miguel Hernández para solistas, coro e orquestra, Tocata de Navidad para piano (Javier vázquez Grela, Utrecht 2008), Preludio a Pamela para cuarteto de corda (Artemis, A

Coruña 2009), Tres Cantigas Sabias para dúas voces e guitarra (Alba López, M^a José Ladra e Ramón Carnota, A Coruña 2009), composicións para arpa como Elexía nocturna (Irantzu Agirre, Ferrol 2011), El cuento de los delfines para quinteto de metais (2009), Policoncerto (Orquestra do Conservatorio Profesional da Coruña, xuño 2009), pezas para coro e A imprudente travesía de Isabel de Barreto para banda sinfónica (setembro 2010, Vilagarcía, Banda Artística de Merza). Dende 2002 é membro da Asociación Galega de Compositores, ocupando entre 2005 e 2011 o cargo de secretario e actualmente de vocal da súa xunta directiva.

É funcionario de carreira e dende 1999 traballa como docente de música no IES Ramón Orero Pedrayo da Coruña.



MIGUEL BROTONS é Profesor Superior de Música polo Conservatorio Superior “Óscar Esplá” de Alacante con Premio Extraordinario e Conservatorio Superior de A Coruña.

Estudou con profesores de recoñecido prestixio como Fred Mills profesor de Música de Cámara da Universidade de Georgia (EE. UU.) e membro de Canadian Brass, E. Crespo director de German Brass (Alemania), M. Becquet e H. Joulain do Conservatorio Nacional de París. Formas musicais con A. Gutiérrez Viejo e cursos de composición con M. Trojhn, D. Ghaum e A. García Abril do Real Conservatorio Superior de Música de Madrid.

Dentro da súa faceta como compositor destacar os seguintes encargos:

“A morte da nai, La Importancia, Pontedeume un cantar, Huellas Sonoras, Narón Terra de Trasancos, Os Sons da Memoria Histórica, In Memorian, Amalgamas, Diario de ferrol, Waldhorn, Mártires da Liberdade, etc. Composicións encargadas polas seguintes entidades: Xunta de Galicia, Deputacións, Universidades, Concellos e demais entidades públicas e privadas.

Foi profesor do Conservatorio Profesional de Música de Ferrol e na actualidade é profesor de Enseñanza Secundaria no IES “Concepción Arenal” de Ferrol da Xunta de Galicia. Actividade docente que compaxina coa interpretación, dirección e creación musical.

O Patronato de Cultura do Concello de Alacante e a Xunta de Galicia graban parte da súa obra musical nas ediciónes discográficas: “Con Música Propia” (2008), “Perspectivas” (2009) e “Ciclo XV” (2010) da Asociación Galega de Compositores.



JUAN DURÁN nace en Vigo (Pontevedra) en 1960.

Compositor. Profesor Superior de Música. Funcionario do Corpo de Profesores de Música e Artes Escénicas, exerceu como docente no Conservatorio Superior de Música da Coruña de 1987 a 1997. Asesor-técnico de Música e Artes Escénicas da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia desde 1997 a 2005. Actualmente é Funcionario do Corpo de Inspectores de Educación.

Comprometido como músico e compositor galego, en 1987 funda, xunto a outros seis compositores, a Asociación Galega de Compositores, da que foi presidente (2000-2005), ao obxecto de contribuir á divulgación da música sinfónica galega. Neste ámbito, realizou traballos de recuperación do patrimonio histórico galego, como orquestracións de obras de Juan Montes (a petición do prestixioso musicólogo José López Caló), Juan José Castro “Chané” (as súas cancións sobre textos de Curros Enríquez son frecuentemente interpretadas: Festival Internacional do Libro en Cuba, Concerto institucional do Día das Letras Galegas, etc.) ou Marcial del Adalid, de quen reconstruíu, xunto a súa especialista máis destacada Margarita Viso, a súa ópera Inés e Bianca, por encargo do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (Consellería de Cultura e Comunicación Social da Xunta de Galicia).

Como compositor traballa tanto o xénero instrumental como o vogal. A súa música camerística está orientada a todo tipo de combinatorias instrumentais: dúos para distintos instrumentos con piano, tríos, cuartetos, quintetos, etc. Polo que se refire ao lied, a súa obra presenta unha gran variedade de poetas e estilos, con cancións en castelá, galego, portugués, italiano e francés. Asemade, dedicou unha especial atención tanto á transcripción de pezas de distinta autoría (particularmente para quinteto de metais) como á forma de variación, tendo escrito obras sobre temas de Pablo Sorozábal, Andrés Gaos, etc. Atende tamén a produción de carácter didáctico, con distintos traballos orientados tanto á materia de Linguaxe Musical como a obras instrumentais. Entre estas últimas cabe destacar: O xardín de Margarita, Juguetes, O Señor Biscuit, etc.

No ano 2000 consegue o Premio de Composición organizado pola Universidade Carlos III de Madrid coa súa obra Álbum para Orquesta.

En 2001, a súa Cantiga Finisterrae para múltiples voces de luz, cantata para soprano, barítono, coro e orquestra, significa un punto de inflexión na súa traxectoria profesional polo éxito acadado de público e crítica. Proba disto foi a reposición en 2008 da mesma como peche de temporada xunto á IX Sinfonía de Beethoven, coa Orquestra Sinfónica de Galicia, os coros desta e o do Palau da Música Catalana, dirixidos por Víctor Pablo.



MARÍA MENDOZA, pianista, compositora e docente, nace en Oviedo en 1975 e comeza os seus estudos musicais á temperá idade de catro anos da man da súa nai, profesora de piano. No ano 2001, conclúe os seus estudos superiores de Piano e de Música de Cámara no Conservatorio Superior de Música de Bilbao con altas cualificacións. Un ano máis tarde, obtén no mesmo centro o Título Superior de Solfexo, Acompañamento e Transporte, e licénciase en Belas Artes pola Universidade do País Vasco. No ano 2003 desprázase a Galicia e comeza os estudos de Composición no Conservatorio Superior de Música de Vigo, da man de Carlos Cambeiro, Joam Trillo e Pablo Beltrán.

Completa a súa formación continuamente, con cursos monográficos e clases maxistras de piano cos mestres Serghei Yerohkin, Joaquín Achúcarro, Luca Chiantore e Emmanuel Ferre-Lalöe, de análise con Carlos Cambeiro, Emilio Molina, José María Laborda, Edson Zampronha e Teresa Catalán, de jazz e música moderna, de técnicas de relaxación e control do medo escénico, de análise da música cinematográfica, e de composición con Antón García Abril.

A súa actividade profesional divídese entre a docencia, a composición e a interpretación, destacando sobre todo a súa faceta creativa, tanto compositiva como interpretativa. Na actualidade é profesora do departamento de Composición no Conservatorio Profesional de Música de Ourense. Como intérprete, destaca a súa gran versatilidade como pianista clásica, como acompañante, tanto de instrumentistas, cantantes e agrupacións corais e como teclista en grupos de música moderna (pop, rock, folk, etc). En canto á composición, é autora de pezas para piano, música de cámara, relixiosas, corais, para banda de música, para voz e piano e de bandas sonoras para curtametraxes de animación, onde consegue unir as súas dúas grandes paixóns, que son a música e o cinema.



RAÚL MARTÍN NIÑEROLA (Lliria, 7-3-1983) comeza os seus estudos musicais como percusionista no seo do Ateneo Musical e de Ensino Banda Primitivo de LLíria (Valencia). Obtén o título profesional de percusión no conservatorio de Lliria e o título superior de composición no conservatorio da Coruña con matrícula de honra e premio no fin de carreira. Asistiu a diversos cursos de perfeccionamento musical na especialidade tanto de percusión coma de composición e dirección destacando os seguintes: Curso de interpretación musical cidade de LLíria na especialidade de percusión 2001 cos profesores Miguel Bernat e Octors-Gustin Georges, Curso de interpretación musical cidade de LLíria na especialidade de percusión 2002 cos profesores Miquel Bernat e Enrique Llopis (timbaleiro da orquestra da RTVE), Curso La música no cine impartido polo profesor Ramón Giner Bou, diversos cursos de composición e orquestración cos profesores Antón García Abril, Tomás Marco, Zulema de la Cruz, Carlos Cruz de Castro e Leonardo Balada. Curso de dirección Romaria Vikinga de Catoira co mestre José Rafael Pascual Villaplana. Curso de Postgrao en composición co mestre Leonardo Balada na Universidade Politécnica de Valencia.

Esta en posesión do premio academia terceiro milenio 2005 na especialidade de percusión. Ten diversas obras tanto para banda de música coma para orquestra, grupos de cámara e música vocal. A súa composición para banda " A revolta Irmandiña" gañou o primeiro premio no certame de Bandas de música Galicia e será obra obrigada na segunda sección do III certame autonómico de Bandas de música Galicia. A súa composición, "Els miracles de Sant Vicent" foi un encargo da cofradia de San Vicente de LLíria para o peche do ano Vicentino e foi interpretada e gravada en Cd pola Banda Primitiva de Lliria e tamen pola Banda Municipal de A Coruña. As súas obras foron interpretadas por bandas como a Banda Municipal de Santiago de Compostela, Banda municipal da Coruña ou a Banda Primitiva de Lliria, ademais de distintas agrupacións instrumentais. Na actualidade Raúl exerce como profesor de harmonía no conservatorio de música profesional de Lalín (Pontevedra) e como director da escola e banda Ateneo de Negreira (A Coruña).

Próximos concertos:

Domingo 11 de marzo 12.15h. PALACIO DE LA ÓPERA El duende Clarinete: <i>Fco. Javier Vidal</i>	Domingo 25 de marzo 12.15h. PALACIO DE LA ÓPERA Director invitado: <i>Bram Sniekers.</i> Trompa: <i>René Pagen</i>
DE LUNES 26 A SÁBADO 31 DE MARZO CONCIERTOS DIDÁCTICOS PARA ESCOLARES TEATRO ROSALÍA CASTRO LOS VIAJES DE GULLIVER , de Max Aulio 1ª función: 10.30h 2ª función: 12.00 h Sábado 31: CONCIERTO EN FAMILIA 12.00 h.	Domingo 15 de abril 12.15h. PALACIO DE LA ÓPERA “ ALFRED REED y PONCHIELLI”
Domingo 29 de abril 12.15 h. PALACIO DE LA ÓPERA BOLEROS DE SIEMPRE Con los cantantes: <i>Paco Lodeiro, Sito Sedes e Miguel Ladrón De Guevara</i> Presenta : <i>Xurxo Souto</i>	Xoves 17 de maio 12.15 h. TEATRO ROSALÍA DE CASTRO “ DÍA DAS LETRAS GALEGAS” Coa participación de : CORO “CANTIGAS DA TERRA”



Concello da Coruña
Concellaría de Cultura

